

A LOITA POLA IGUALDADE

Movimento Obreiro e Feminismo



A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

explotación laboral

Os obreiros das fábricas sufriron unha durísima explotación: xornadas de ata 16 horas, sen descanso dominical, salarios moi baixos, insalubridade, sen axudas ao enfermar...



Taller de carbón nas minas de Blancy, 1860



Industria téxtil en Inglaterra, princ. XIX




Canteiros, Courbet 1850



Traballadores do vidro, Gijón, finais s. XIX

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

explotación laboral



Escavando un túnel en Londres, 1907

•Redacta un comentario da foto

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

explotación laboral

Os donos das fábricas contrataban a mulleres e nenos por un salario menor, coa falsa escusa de que producían menos.



Mulleres traballando nas minas de carbón



Fiadora, 1908



Tecedora; Planella 1882

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

explotación laboral

A existencia dun número importante de desempregados (<<exército industrial de reserva>>) facilitou que os empresarios fixaran as inhumanas condicións laborais.



Nenos nunha workhouse



Durmino na ponte, 1900



Entrada a workhouse, 1900



Mulleres acollidas nunha workhouse

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

explotación laboral


Os orfanatos e as casas de acollida dos pobres suministraban man de obra barata á industria. Nas *workhouses* inglesas, amparándose na teórica labor de beneficiencia, os internos traballaban ao servizo dos explotadores.



Casa de socorro; Trimoulet 1840



Clasificando papel 1909



Workhouse de Arbingdon 1836



Taller de calzado 1910



Taller do Exército de Salvación 1910

- A que edificio che recorda a workhouse? como cres que serían alí as condicións de vida?
- Por que había tanta acollida pola beneficiencia? como se podería evitar que tanta xente estivese nesas condicións?
- Quen rixe a casa de acollida do cadro? cres que a esmola e a beneficiencia son funcións da Igrexa? tiña recursos suficientes para esa tarefa?
- Por que se lle obrigaba a traballar aos acollidos nas Casas de Pobres? para quen traballaban? cobraban igual cun traballador contratado?
- Aínda existen hoxe institucións para acoller á xente sen recursos? en que se diferenzan das do s. XIX? cres que todo o mundo debe ter garantida a comida, a vivenda ou a sanidade? quen debe encargarse diso?


A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

as condicións de vida

Os barrios obreiros medraron sen condicións para ser habitados. Vivían amontoados, sen servizos, en mísera vivendas, onde as epidemias facían estragos.



Barrio de Nova Iork; Jacob Riis, finais s. XIX



Rúa de Venecia

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

as condicións de vida



5 centavos polo aloxamento; Jacob Riis, 1889



Habitación de homes; Jacob Riis, 1890



Pub de Nova Iork; Jacob Riis, 1889



Habitación de mulleres; Jacob Riis, finais s. XIX

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS


as condicións de vida



Mendiga; John Thomson Londres 1877



Vagabundo; Rejlander 1860



Nenos durmindo; Jacob Riis, 1899



Aloxamento; Jacob Riis, 1889



Trapeira italiana en Nova Iork; Jacob Riis, 1888



A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: luddismo


Nos primeiros momentos da industrialización, artesáns e obreiros botáronlle a culpa ás máquinas das súas penalidades. A destrución de máquinas foi a primeira forma de protesta obreira. O poder reaccionou con durísimos castigos.



O líder dos ludditas 1812



Protesta luddita



Motín en Lyon 1831



Recompensa por ludditas

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: sindicalismo

Os obreiros tomaron conciencia de que a causa dos seus males era o inxusto reparto da riqueza e o control do poder político por parte da burguesía.



Producción de panos baratos ; John Leech 1845



Capital e traballo; 1843



Traballadores, debuxo
arxentino

- Escribe un comentario dos debuxos.
- Por que había tantas diferencias sociais? que aportaban os obreiros e os burgueses ao proceso produtivo? quen se beneficiou do aumento da producción?
- Que podían facer os traballadores para mellorar a súa situación? poderían conseguir pacificamente?
- A quen apoiaban os gobernos? por que?

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: sindicalismo

Uníronse en sindicatos que, ademais de organizar as reivindicacións laborais, foron órganos de solidariedade e de mellora das condicións de vida. Ata 1848 os obreiros participaron, xunto a burguesía progresista, nos movementos revolucionarios.



Asociación de mineiros



Motín en Barcelona 1835; J. Arrán



Asociación de socorro mutuo de Milán
1860



Manifestación cartista en Londres 1834




Mitin cartista en Londres, 1848

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: A I Internacional


En 1864 fundouse en Londres a AIT (*Asociación Internacional de Traballadores*). Pretendía a emancipación do proletariado suprimindo a sociedade de clases, unindo aos obreiros de distintos países.




Ficha de inscrición á AIT 1864




Sello da Federación de Trabajadores de la Región Española da AIT



Folga na fábrica Le Creuzot 1870



Primeiro Congreso Obreiro de España, Barcelona 1870




Cartel da Internacional

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: A Comuna

A sublevación republicana de 1871 en París, despois da derrota francesa contra Prusia, foi secundada polos obreiros. A Comuna contou con dirixentes internacionalistas, pero a penas aguantou dous meses.




Chamamento aos obreiros



Barricada en París, marzo 1871



Membros da Comuna fusilados, París 1871




République e Reaction, 1871


A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: anarquistas e socialistas

A Internacional dividiuse en dúas correntes ideolóxicas: a socialista, ou marxista, encabezada por Marx, e a anarquista, liderada por Bakunin. En 1872 os anarquistas escindíronse, contrarios á decisión de crear partidos políticos.



Manuscrito do Manifesto Comunista 1847




O capital, de Marx, 1867




Marx e Engels



Carnet de membro da Liga da Paz e da Liberdade de Bakunis 1867



Deus e o Estado, Bakunis 1871




Bakunin

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: II Internacional


En 1889 un congreso socialista celebrado en París fundou a II Internacional. Quedaron fóra os sectores máis reformistas e os anarquistas. Decidiron convocar unha xornada reivindicativa das oito horas máximas de traballo diario para o 1 de maio de 1890.



Mártires de Chicago 1886



Cartel da CGT polas 8 horas




1º de maio; Grandjean 1906

- Quen son os 'mártires de Chicago'? cal é a súa relación co 1º de maio? que se celebra hoxe ese día?
- Quen tira de cada lado da corda? por que?
- Que opinas da alegoría das 8 horas como mulleres espidas?
- Cantas horas máximas de traballo diario están establecidas hoxe? cres que se cumpre esa normativa? por que? podería funcionar a economía con menos horas de traballo?

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita: acción e reacción

O movemento obreiro foi conseguindo que empresarios e gobernos adoptasen melloras sociais, pero non foi doado. Esas melloras foron máis resultado das mobilizacións, ás que sempre se respondía coa represión, que da negociación.



Pirâmide do sistema capitalista; EE UU 1911



Detención dun folguista en París, 1 maio 1906



Represión, EE UU, finais XIX

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

a loita



Abolir a escravitude infantill, en inglés e Yiddish; Manifestación do 1º de maio de 1909 en Nova Iork,

- Redacta un comentario da fotografía atendendo: á actividade que están a realizar, ao día que a fan, ás protagonistas da foto, ao lema das bandas, ao ano e lugar, a se hoxe aínda cómpre facer mobilizacións co mesmo lema...

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

España: anarquistas e socialistas

O movemento obreiro en España tivo como particularidade a maior importancia das organizacións anarquistas fronte ás socialistas. A CNT aglutinou o movemento anarquista desde 1910 e os socialistas fundaron o PSOE en 1879 e a UGT en 1888.



Cartel do 1º de maio



Atentado anarquista na voda de Alfonso XIII, 1906



El Socialista, 1886; Acracia, 1887



1º de maio en Madrid, finais s. XIX



Logotipo CNT, 1910

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

España: anarquistas e socialistas




A familia do anarquista; Álvarez de Sotomayor 1899



A execución, Gijón ; finais XIX



A familia do anarquista; Bermejo Sobera 1899



Garrote vil; Ramón Casas 1894

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

España: anarquistas e socialistas



A folga; Ramón Casas 1902

A LOITA POLA IGUALDADE: OS OBREIROS

os obreiros e a guerra

A pesar das constantes proclamas antimilitaristas e os chamamentos á unión internacional do proletariado, cando estalou a I GM en 1914 os partidos socialistas apoiaron as medidas belicistas dos seus gobernos. O nacionalismo venceu ao espírito de clase e os obreiros acababon matándose nas tricheiras.



Internacional proletaria; Walter Crane, 1897



Cartel contra a guerra 1905



Soldados mortos nas trincheiras da I GM

- Describe o que se representa en cada imaxe. Que opinas da unión dos traballadores por riba das fronteiras? cres que así lles sería máis fácil conseguir melloras na súa vida?
- Que ganaban os obreiros coa guerra? por que a maioría a apoiou ao principio? quen morreu na I GM, os obreiros ou os burgueses?
- Están unidos na actualidade os obreiros do mundo? a que clase social pertencen os soldados?

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

The first picket line
below College Day in the picket line - Feb. 1917




Desde a Revolución Francesa as mulleres comezaron a loitar polos seus dereitos políticos e legais. Sen embargo, ata despois de 1848 o feminismo non colleu forza, con dous campos de loita: o sufraxismo e as melloras laborais.

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

a revolución industrial

As mulleres, que xa se ocupaban antes da produción téxtil, foron a man de obra maioritaria nas fábricas. Tamén traballaban noutros sectores, como a mineiría, a confección ou a fabricación de tabaco. Sempre cobrando un salario menor cos homes realizando o mesmo traballo.



Fábrica de algodón



Cigarreiras de Madrid



Traballadoras dunha fábrica de algodón, Indianápolis



Retrato de muller cosendo, 1853

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

os traballos da muller: fóra

A maioría das mulleres que traballaban fóra da casa facíano no servizo doméstico, seguidos doutros empregos como lavadeiras ou xonaleiras.




Lavadeiras; Abram Edimovich, 1901



Amas de cría nunha praza de Marsella, 1907



As espigadoras; Millet 1857



Pranchadoras; Degas 1886



Tres criadas de Madame Strchn's, 1885

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

os traballos da muller: na casa

As mulleres seguiron, traballaran ou non fóra, facendo o traballo tradicional de ‘ama de casa’: limpando, lavando, cosendo, cociñando e facéndose cargo dos fillos.



Lavadeiras de Nápoles




Lección de ganchillo; Lee Hankey



Cosendo na casa



Labrega de Auvernia; Lartigue 1910



Lavadeiro do Ferrol, princ. s. XX


A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

os novos oficios

A finais do s. XIX as mulleres iranse introducindo en sectores nova creación e noutros tradicionalmente reservados aos homes: enfermeiras, mestras, oficinistas, dependentas, telefonistas... Sen embargo tiveron vetado o ingreso na Universidade ata o s. XX.



Escola de nenos; Geoffroy 1889



Oficina de Nova Iork 1907



Telefonistas, principios s. XX



Oficinistas en Minnesota 1905





Florence Nightingale cun grupo de enfermeiras, princ. s. XX

- Redacta un comentario das imaxes dos traballos realizados polas mulleres relacionándoos coa situación no presente da cadanseu tipo de traballo.


A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

o movemento obreiro

Os militantes obreiros, en xeral, opoñíanse ao traballo das mulleres nas fábricas. O sitio da muller estaba na casa. Seguindo esa premisa mesmo se opuñan á militancia sindical das mulleres, que formaron sindicatos propios ata que foron finalmente integrados nas organizacións masculinas.



Folga na fábrica Creusot; J. Adler, 1899



Grupo de afiliadas a Women's Trade Union League, Nova Iork 1900

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

as xefas da casa

As mulleres burguesas e de clase media que traballaban fóra da casa eran minoría, sobre todo ao casar. Segundo o ideal burgués, as mulleres tiñan que ser boas esposas, gobernar a casa e coidar dos fillos.



Lección de lectura; Bernard Pothast



Familia Benelli; Degas 1860



Portada da obra Our Department, de John Young 1885

- En que se diferenciaba a vida das mulleres burguesas da vida das obreiras? traballaban todas na casa?

- En que se diferenciaba a vida das mulleres burguesas da dos homes burgueses?

- En que se diferenciaba a vida das mulleres proletarias das dos homes proletarias?

- En que aspectos estaban discriminadas todas as mulleres, burguesas e obreiras? en que aspectos as reivindicacións eran diferentes?

- Seguen estando vixentes os valores femininos da burguesía decimonónica? cal é hoxe o ideal feminino?

A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

a loita polo voto


A loita polos dereitos das mulleres, sobre todo o voto, foi dirixido por mulleres de clase media. O sufragismo comezou en Estados Unidos e non foi ata o século XX que se estendeu por Europa.




Sufragistas de Estados Unidos



Militantes da National Woman... 1913



Revista The Suffragist 1909



A LOITA POLA IGUALDADE: as mulleres

a loita polo voto

A conquista do dereito ao voto polas mulleres non foi doada. As mobilizacións ás veces foron violentas e mesmo se chegaron a formar grupos anti-sufraxistas. Non conseguiron o voto ata a etapa de entreguerras na maioría dos países. En España, en 1931, coa II República.




Lucy Burms no cárcere




Detención dunha sufraxista




Campaña a favor do voto da 1914



Asociación anti-sufraxista




Caricaturas anti-sufraxistas



• Por que tiveron que loitar tanto as mulleres polo voto? que argumentos cres que utilizarían os que se opuñan ao sufraxio feminino?

• Como se caricaturiza ás mulleres sufraxistas nos debuxos? séguense facendo ese tipo de burlas na actualidade? por que?

• Pensas que as mulleres que aparecen nas fotos eran valientes? que pasaría se elas e outras moitas persoas non se mobilizaran polos dereitos humanos?



(41) STABILIMENTO DI CASTELLAMMARE DI STABIA - Lavorazione ciliege